



## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADOS PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN EXTRAORDINARIO DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL E UNHA CAMPAÑA DE INSPECCIÓN DE VIXILANCIA DE MERCADO EN 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao Rodríguez, DECLARA:

Que esta consellería formalizou coa Asociación Gallega de Organismos de Control o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o 08/08/2025, ata o 31/12/2025, realizando con data 04/12/2025 unha Addenda ao citado Convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control (en adiante ASGOCA) para a realización das inspeccións correspondentes ao Plan extraordinario de Inspección en materia de seguridade industrial 2025 que complementa o plan ordinario previsto na Orde do 21 de xullo de 2025, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG Núm. 145 xoves, 31 de xullo de 2025), co fin de colaborar coas empresas e persoas traballadoras na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1.- A Consellería de Economía e Industria (en adiante CEI), a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano director, ten atribuídas competencias de seguridade industrial, segundo o recollido no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, tras a modificación da estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia polo Decreto 49/2024, do 22 de abril.

Así mesmo, en España, en aplicación da Lei 21/1992, de Industria, as competencias executivas da Vixilancia do Mercado corresponden ás Comunidades Autónomas. Neste sentido, en Galicia, a autoridade de Vixilancia do Mercado en materia de produtos industriais é a actual Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial. Por outra parte, o citado Decreto 140/2024 recolle a competencia da coordinación e programación da vixilancia do mercado dentro das funcións de dita dirección xeral, así como as funcións de vixilancia de mercado nas direccións territoriais.

O Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos, e a Decisión nº 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, sobre un marco común





para a comercialización dos produtos, teñen por obxectivo, entre outros, potenciar a Vixilancia do Mercado, garantindo desta forma que os produtos inseguros detectados nun estado sexan retirados da comercialización no propio estado e en toda a Unión Europea. Así, dito regulamento regula a competencia das autoridades de vixilancia do mercado.

2.- ASGOCA é unha asociación sen ánimo de lucro no sector das empresas legalmente habilitadas para a verificación do cumprimento das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial, que goza de plena personalidade xurídica e capacidade para obrar no cumprimento dos seus fins. ASGOCA ten como fins coordinar e colaborar coa CEI nas tarefas de control e verificación, para garantir o maior grao de homoxeneidade e profesionalidade nas actuacións dos seus asociados; realizar un control das devanditas actuacións; representar e defender os intereses comúns destes organismos; e regular as relacións entre os seus membros en prol de evitar calquera competencia desleal.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo de industria, establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais, así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial. No seu artigo 14 dita lei establece o control administrativo que poderá exercer a Administración sobre os establecementos, instalacións e produtos industriais, para comprobar en calquera momento por si mesma ou a través de organismos de control, o cumprimento das disposicións e requisitos de seguridade.

Así mesmo, os Organismos de Control Acreditados poden converterse en Organismos Notificados que teñen unha serie de funcións recoñecidas nos diversos Módulos de Certificación no ámbito da Vixilancia do Mercado (realizar o exame CE de tipo, controis sobre a calidade de produción, inspeccións por unidade etc.), existindo, entre os asociados de ASGOCA, Organismos Notificados en Mercado CE.

Tal e como se indica na parte expositiva do convenio, e tendo en conta o exposto na Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, na Lei 21/1992, do 16 de xullo de industria e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, á CEI correspóndelle elaborar e aprobar os plans de inspección das actividades reguladas na citada Lei de Seguridade Industrial. No artigo 21.1 do citado Decreto legislativo recollese que as actividades recollidas nos plans de inspección levaranse a cabo directamente polo persoal funcionario da citada consellería ou, baixo a supervisión desta, a través das entidades legalmente habilitadas que para o efecto sexan requiridas.. Concretamente, no artigo 23.3 do citado Decreto Legislativo recolle que sen prexuízo das funcións de inspección do persoal técnico da consellería competente en materia de industria, a execución material dos programas poderán levala a cabo entidades legalmente habilitadas, para o que se utilizará, como instrumento de xestión, a subscripción de convenios de colaboración cos sectores afectados por el, se así se determina no correspondente plan de inspección.

Ao abeiro das alíneas anteriores, os organismos de control son as entidades legalmente habilitadas pola Administración para verificar o cumprimento das disposicións de carácter obrigatorio sobre instalacións industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial.





Tal e como indican os seus estatutos da ASGOCA:

- A ASGOCA poderán pertencer todos organismos de control debidamente autorizados para o desenvolvemento da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ASGOCA terá como fin fundamental coordinar e colaborar coa Administración,, nas tarefas de control e verificación, garantindo o maior grao de homoxeneidade e profesionalidade nas actuacións dos seus membros e, entre outras cousas, realizar un control de ditas actuacións.
- ASGOCA non ten carácter lucrativo, ten personalidade xurídica propia e estenderá o seu ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ASGOCA ten como un dos seus obxectivos, colaborar coa administración para que se realicen as supervisións previstas na lexislación vixente aos organismos de control, e promover que a capacitación técnicas dos seus membros garanta a cobertura de tódalas necesidades de inspección e control da Comunidade Autónoma de Galicia.

ASGOCA é a única asociación empresarial que aglutina os organismos de control que desenvolven a súa actividade en Galicia, motivo polo cal, a gran maioría dos organismos de control que operan na nosa Comunidade Autónoma están asociados a dita asociación.

Tendo en conta o dito nas cláusulas anteriores, dáse por satisfeito o referido ao concurso de achegas que as partes convenientes están de acordo en asumir, a concorrencia dunha actividade de interese común para ambas as partes e a vontade de colaboración propia dos convenios de colaboración.

Por todo o exposto, considérase que as actuacións obxecto do convenio teñen un carácter de interese xeral, non sendo posible promover a concorrencia pública dada a finalidade do convenio e a especificidade das características que cumpre a asociación coa que se quere subscribir o presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Reunida a comisión de seguimento e control do Convenio, en virtude das facultades que lle foron concedidas pola cláusula décimo cuarta do citado Convenio para a comprobación do estado de execución das inspeccións, levántase acta nº1, asinada o 02 de decembro de 2025, na que se recolle a imposibilidade material de realizar as inspeccións de todos os programas, en especial as do programa 3 establecido na cláusula segunda antes da data límite establecida no Convenio para a súa xustificación, acordándose finalmente a proposta de modificación do Convenio mediante o inicio da tramitación dunha Addenda para recoller todo o acordado, sen que isto implique unha modificación orzamentaria do Convenio.

E polo tanto propúxose unha Addenda ao convenio para modificar o parágrafo segundo da cláusula sétima (procedemento de pagamento, prazo e forma de xustificación) do Convenio acordándose propor a modificación da data de xustificación das actuacións do convenio de xeito que a nova data para a entrega das factura pendentes e o informe final sexa o 12 de decembro de 2025.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

